Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MBMCX

MÁSTER UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA

PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DOS CONVENIOS DE COOPERACIÓN EDUCATIVA E A REALIZACIÓN DA MATERIA PRÁCTICAS EXTERNAS (PEX) DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA (MBMCG)

1. INFORMACIÓN XERAL

A relación de entidades colaboradoras dispoñible para a realización das **Prácticas Externas (PEX)** ten carácter meramente orientativo. A vixencia dalgúns convenios de cooperación educativa pode ter expirado, polo que será necesario verificar a súa validez con carácter previo á asignación dunha praza de prácticas.

Para tal efecto, o estudantado deberá poñerse en contacto coa **Coordinación do Máster**, que confirmará a vixencia do convenio correspondente ou, se é o caso, iniciará o procedemento para a formalización dun novo convenio.

Os convenios de cooperación educativa subscritos pola Universidade da Coruña poden consultarse no repositorio institucional habilitado para tal fin.

Acceso ao buscador de convenios

*O acceso público ao buscador de convenios está actualmente dispoñible unicamente mediante o protocolo **HTTP**. Algúns navegadores web redirixen automaticamente as conexións ao protocolo **HTTPS**, o que pode provocar un erro de acceso debido a que o enderezo xerado non é válido. No caso de producirse esta incidencia, recoméndase acceder ao buscador mediante unha xanela de navegación privada ou de incógnito ou, alternativamente, eliminar a memoria caché do navegador antes de volver intentar o acceso.*

2. FORMALIZACIÓN DUN NOVO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA

Cando a entidade na que se vaian desenvolver as prácticas non dispoña dun convenio de cooperación educativa vixente coa Universidade da Coruña, deberá tramitarse un novo convenio con anterioridade ao inicio das prácticas.

Para tal efecto seguirase o seguinte procedemento:

1. Utilizar o modelo oficial de convenio de cooperación educativa da Universidade da Coruña.

Será obrigatorio incorporar o **logotipo da empresa ou entidade colaboradora** no encabezado de todas as páxinas do documento.

Están dispoñibles as seguintes versións do convenio:

- CONVENIO (GALLEGO)
- CONVENIO BILINGÜE (GALLEGO-ESPAÑOL)
- CONVENIO BILINGÜE (GALLEGO-INGLÉS)

2. Unha vez cuberto o documento e asinado pola persoa responsable da entidade colaboradora, deberá remitirse á Coordinación do Máster para a súa tramitación administrativa.
3. O procedemento unicamente se considerará finalizado cando o convenio fose asinado polo Reitor ou a Reitora da Universidade da Coruña. A partir dese momento poderá iniciarse o procedemento para a realización das prácticas externas.

3. PROCEDEMENTOS ANTES DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS (PEX)

O presente procedemento será de aplicación tanto ao estudantado que realice as prácticas ao abeiro dun convenio de nova formalización como a aquel que obtivese unha praza nunha entidade colaboradora ou grupo de investigación con convenio vixente.

O desenvolvemento das prácticas requirirá o cumprimento das seguintes actuacións:

1. Cubrir o modelo oficial de **Proxecto Formativo de Prácticas Externas (PEX)** do Máster Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética.
2. Obter a sinatura do Proxecto Formativo por parte da persoa estudante e da persoa responsable da titorización das prácticas na entidade colaboradora.
3. Remitir o Proxecto Formativo, debidamente asinado, á Coordinación do Máster.
4. Iniciar, a través da Universidade da Coruña, o procedemento de alta na Seguridade Social (SS), cando resulte legalmente preceptivo*.
5. Será necesario facer a solicitude de alta na SS **20 días antes do inicio das mesmas**.
6. Unha vez completados os trámites anteriores, a Comisión Académica do Máster asignará a cada estudante unha persoa titora académica, que será membro da devandita Comisión.

4. FINALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS E AVALIACIÓN

Unha vez rematado o período de prácticas, o estudantado deberá remitir un borrador da memoria de prácticas á persoa titora académica para a súa revisión.

O envío deberá realizarse cunha antelación mínima de **sete días naturais** respecto da data límite de entrega da memoria definitiva establecida pola Comisión Académica do Máster para a convocatoria correspondente.

Así mesmo, será responsabilidade do estudantado lembrar tanto á persoa titora da entidade colaboradora ou do grupo de investigación como á persoa titora académica a necesidade de remitir á Coordinación do Máster os correspondentes informes de avaliación dentro dos prazos establecidos pola Comisión Académica do Máster.

A avaliación da materia **Prácticas Externas** realizarase conforme aos criterios, procedementos e instrumentos de avaliación establecidos na guía docente vixente da materia.

(*) Alta na Seguridade Social para a realización das Prácticas Externas (PEX)

A Universidade da Coruña tramitará a alta na Seguridade Social do estudantado que realice as **Prácticas Externas (PEX)**, sempre que estas non comporten contraprestación económica.

No caso de prácticas remuneradas, a obriga de tramitar a alta na SS corresponderalle á entidade colaboradora na que se desenvolvan as prácticas, de conformidade coa normativa vixente.

Para que a Universidade poida xestionar a alta na Seguridade Social será imprescindible que o estudantado dispoña dun **Número da Seguridade Social (NUSS)**.

- Se a persoa estudante xa dispón dun NUSS, deberá incorporalo ao seu perfil de estudante na **Secretaría Virtual** (Portal Académico) da aplicación **SIGMA**, accedendo ao apartado **«O meu perfil» → «Datos persoais»**.
- Se a persoa estudante non dispón dun NUSS, deberá solicitalo previamente a través do Portal da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, antes do inicio das prácticas.

En canto teñas o NUSS, xa podes accedes ao ***forms*** da Facultade de Ciencias para a solicitude de alta na SS.